

## **ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA DO IES N. S. OLLOS GRANDES:**

Addenda para incluír os cambios da orde de 25 de xaneiro de 2022.

Esta addenda é válida para todos cursos da ESO na materia de CC.SS e 1º BAC de HMC.

### **Avaliación ordinaria de xuño:**

**O alumnado con avaliacións pendentes** ten a oportunidade de recuperar no período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final segundo as directrices fixadas por cada profesor da materia nas respectivas programacións de departamento, que poderíase resumir da seguinte maneira:

- Instrumentos ou ferramentas de avaliación: faranse probas obxectivas como as que se fixeron durante o curso, divididas en partes, unha por cada avaliación non superada. O alumnado deberá facer a non superada.
- Criterios de cualificación das probas obxectivas: As probas substituirán as feitas durante o curso e cualificaranse da mesma forma.
- Integración da cualificación do período cos resultados de avaliación de todo o curso: As notas obtidas neste período substituirán as probas das avaliacións suspensas e farán media cos traballos entregados durante o curso na porcentaxe indicada na programación.  
A nota media do curso será a media da nota das avaliacións xa superadas e as avaliacións recuperadas coa nova nota.

**O Alumnado coas tres avaliacións superadas** realizará neste período as tarefas encomendadas polo profesor da materia xa que é a súa obriga, sen que isto supoña necesariamente unha subida de nota. Os alumnos que así o soliciten poderán obter a subir nota, conforme ós procedementos así establecidos na programación corresponde e segundo as directrices do profesor da materia. Deste xeito, a suba de nota media no período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final, podería ser sempre e cando o profesor da materia o estime pertinente e concorran todas as circunstancias educativas e curriculares do alumno e do entorno para poder levalo a cabo. O profesor de cada materia establecerá o proceso adecuado conforme ós criterios e métodos reflectidos nas respectivas programacións do Dpto. Xeografía e Historia.

En relación á nota que se lles poñerá en HMC ós dous alumnos de 1º de Bacharelato que están cursando estudos de longa duración (2 meses) en Italia no programa Erasmus desenvolvido polo centro, considérase totalmente válida a nota posta polos profesores italianos que se encargaron da ensinanza destes alumnos na súa estadía italiana. Esta nota non será obxecto de ningunha modificación e computará a tódolos efectos do mesmo xeito que as restantes cualificacións obtidas por estes alumnos no centro de referencia.

